



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

- E D I C T O -

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
POL	3º-trimestre-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
SARRIA	Anual-2021	Taxa de recollida do lixo no medio rural
SARRIA	Anual-2021	Taxa entrada de vehículos a traveso beirarrúas
NAVIA DE SUARNA	3º-trimestre-2021	Taxa de recollido de lixo
O INCIO	3º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	3º-trimestre-2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	3º-trimestre-2021	Taxa polo subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
BARALLA	3º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 29/10/2021 e finalizará o día 29/12/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
POL	3º-trimestre-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
SARRIA	Anual-2021	Taxa de recollida do lixo no medio rural
SARRIA	Anual-2021	Taxa entrada de vehículos a traveso beirarrúas
NAVIA DE SUARNA	3º-trimestre-2021	Taxa de recollido de lixo
O INCIO	3º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	3º-trimestre-2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	3º-trimestre-2021	Taxa polo subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
BARALLA	3º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 15 de outubro de 2019.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2999

CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

DELEGACIÓN ESPECÍFICA DE VODA

DECRETO DELEGACIÓN ESPECÍFICA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 51 do Código Civil, nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e

réxime xurídico das Corporacións Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no artigo 61.3 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais normativa concordante, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar a favor de D. Álvaro Puente Seijas, concelleiro do Concello de Cospeito, a atribución para autorizar a celebración dun matrimonio o día 30 de outubro de 2021, ás 12.00 horas, na Casa Consistorial do Concello da Cospeito.

SEGUNDO.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Comunicar a D. Álvaro Puente Seijas a presente Resolución para o seu coñecemento e efectos.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito na data que figura ao marxe; do que eu, como Secretario, dou fe.

Cospeito 27 de outubro de 2021.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3116

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **II FANTÁSTICO E TERRORÍFICO CONCURSO DE ESCAPARATES DO SAMAÍN 2021.**

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, do teor literal seguinte:

“INFORME - PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

ASUNTO.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO II FANTÁSTICO E TERRORÍFICO CONCURSO DE ESCAPARATES DO SAMAÍN 2021

COMPETENCIA MUNICIPAL

Segundo o establecido no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a promoción da cultura é unha competencia municipal propia. En base a isto, desde a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua organízanse diferentes actuacións ao longo do ano para desenvolver unha programación cultural propia que facilite a participación da cidadanía nestas actividades.

INFORME

Unha das citas anuais que leva asociado un programa específico é o Samaín. As actividades que se programan para conmemorar a esta festa tratan de revivir o espírito da celebración ancestral do solsticio orixinaria dos pobos castrexos e gaélicos. A historia vincula estes actos festivos ao final das colleitas e a lendarios rituais druídicos de transición entre o mundo dos vivos e dos mortos.

Desde fai uns anos, o Concello de Lugo ao igual que outros municipios galegos, sumouse á recuperación desta festa e organiza un programa de actividades diversas dirixidas a todos os públicos. Este ano, por segunda vez, propónse a organización dun concurso de escaparates relacionado co Samaín co que se busca facilitar a promoción do comercio local e estimular o consumo nos establecementos participantes.

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria na partida 33000.48101, do vixente presuposto municipal e logo da preceptiva fiscalización previa do Servizo de Intervención, procederá a aprobación polo órgano correspondente.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, estima conveniente elevar proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín, que se recollen de seguido, para a súa aprobación pola Tenente de Alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras do II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín e que seguidamente se transcriben:

“BASES DO II FANTÁSTICO E TERRORÍFICO CONCURSO DE ESCAPARATES DO SAMAÍN 2021

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo organiza o **II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín** co obxectivo de fomentar a celebración desta festa do solsticio. As bases que rexerán este certame son as seguintes:

TEMÁTICA. – A ornamentación dos escaparates versará sobre a celebración do Samaín.

PARTICIPANTES. – Poderán participar todos os establecementos comerciais minoristas da cidade de Lugo que contén cun escaparate con vista exterior desde a rúa ou pertencen á Praza de abastos e Mercado Municipal de Lugo.

MODO DE INSCRIPCIÓN. – Para participar hai que enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto “Solicitude inscrición II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín” e facilitando os seguintes datos:

- Nome comercial do establecemento.
- Datos das persoas titulares (nome e apelidos e DNI, NIF).
- Enderezo do establecemento.
- Teléfono de contacto.
- Información complementaria: sector e tipo de produtos que comercializan; e, se procede, a páxina web e as redes sociais.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN. – O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación destas bases ata o 30 de outubro.

Os escaparates deberán estar adornados, como mínimo, dende o día 30 de outubro ata o 5 de novembro. Unha vez estean decorados, os participantes deberán enviar dúas fotografías (resolución recomendable a 72 ppp) do escaparate ao correo electrónico cultura@lugo.gal.

DIFUSIÓN DO CONCURSO. – Os establecementos participantes serán promocionados nas redes sociais da Área de Cultura, polo que é moi importante que remitan fotografías do establecemento.

XURADO. – O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por unha persoa en representación desta área e dúas persoas vinculadas ao sector do teatro, das artes aplicadas ou o deseño. O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Adecuación á temática.

O xurado visitará os escaparates participantes para a súa valoración antes do 5 de novembro. A resolución do certame será publicada e comunicada aos establecementos inscritos e, se a situación sanitaria o permite, celebrarase un acto público para a entrega dos premios.

PREMIOS. – O xurado designará entre as persoas participantes tres finalistas nas categorías de 1º, 2º e 3º premio e outros cinco na categoría de accésits. Os premios serán os seguintes:

1º premio	500 €
2º premio	450 €
3º premio	400 €
1º Accésit	300 €
2º Accésit	250 €
3º Accésit	200 €
4º Accésit	150 €
5º Accésit	150 €

No caso de que algunha categoría quede deserta, redistribuirase a contía dos premios entre os comercios galardoados.

Para a resolución de dúbidas, pódense remitir as consultas ao correo electrónico cultura@lugo.gal ou chamar aos teléfonos 982 297 334 // 982 297 216 // 982 297 212”.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 2.400,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC nº 76448/21, do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar.”

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 28/452, de 17/7/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria e bases reguladoras do II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín.

As bases que rexerán este certame son as seguintes:

“BASES DO II FANTÁSTICO E TERRORÍFICO CONCURSO DE ESCAPARATES DO SAMAÍN 2021

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo organiza o **II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín** co obxectivo de fomentar a celebración desta festa do solsticio. As bases que rexerán este certame son as seguintes:

TEMÁTICA. – A ornamentación dos escaparates versará sobre a celebración do Samaín.

PARTICIPANTES. – Poderán participar todos os establecementos comerciais minoristas da cidade de Lugo que contén cun escaparate con vista exterior desde a rúa ou pertencen á Praza de abastos e Mercado Municipal de Lugo.

MODO DE INSCRICIÓN. – Para participar hai que enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto “Solicitud de inscrición II Fantástico e Terrorífico Concurso de Escaparates do Samaín” e facilitando os seguintes datos:

- Nome comercial do establecemento.
- Datos das persoas titulares (nome e apelidos e DNI, NIF).
- Enderezo do establecemento.
- Teléfono de contacto.
- Información complementaria: sector e tipo de produtos que comercializan; e, se procede, a páxina web e as redes sociais.

PRAZO DE INSCRICIÓN. – O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación destas bases ata o 30 de outubro.

Os escaparates deberán estar adornados, como mínimo, dende o día 30 de outubro ata o 5 de novembro. Unha vez estean decorados, os participantes deberán enviar dúas fotografías (resolución recomendable a 72 ppp) do escaparate ao correo electrónico cultura@lugo.gal .

DIFUSIÓN DO CONCURSO. – Os establecementos participantes serán promocionados nas redes sociais da Área de Cultura, polo que é moi importante que remitan fotografías do establecemento.

XURADO. – O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por unha persoa en representación desta área e dúas persoas vinculadas ao sector do teatro, das artes aplicadas ou o deseño. O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Adecuación á temática.

O xurado visitará os escaparates participantes para a súa valoración antes do 5 de novembro. A resolución do certame será publicada e comunicada aos establecementos inscritos e, se a situación sanitaria o permite, celebrarase un acto público para a entrega dos premios.

PREMIOS. – O xurado designará entre as persoas participantes tres finalistas nas categorías de 1º, 2º e 3º premio e outros cinco na categoría de accésits. Os premios serán os seguintes:

1º premio	500 €
2º premio	450 €
3º premio	400 €
1º Accésit	300 €
2º Accésit	250 €
3º Accésit	200 €
4º Accésit	150 €
5º Accésit	150 €

No caso de que algunha categoría quede deserta, redistribuirase a contía dos premios entre os comercios galardoados.

Para a resolución de dúbidas, pódense remitir as consultas ao correo electrónico cultura@lugo.gal ou chamar aos teléfonos 982 297 334 // 982 297 216 // 982 297 212”

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 2.400,00 euros con cargo á partida 33000.48101, RC nº 76448/21, do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Dar publicidade das presentes bases na páxina web do Concello de Lugo e nas redes sociais desta Área.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ó interesado coa indicación de que contra a mesma caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ou a elección do demandante, ante aquel na circunscrición no cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos en materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei que se cita).

Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, do 1 de outubro, ante a Alcaldía e no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto. De optarse por este recurso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que non sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do dito recurso de reposición, por silencio administrativo, o cal se producirá polo transcurso do prazo dun mes dende a data da súa interposición.

Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

R. 3107

MONDOÑEDO

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xullo de 2021, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 16, reguladora da taxa por ocupación privativa de locais municipais, non presentándose reclamación durante o período de exposición pública, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribíase o texto íntegro da mesma, para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL N.º 16, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION PRIVATIVA DE LOCAIS MUNICIPAIS.**Art. 1.º. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a imposición e ordenación da taxa por utilización privativa de locais pertencentes ao dominio público local e de postos no mercado municipal de abastos.

Art. 2.º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa –baixo o réxime de autorización ou licencia demanial– de locais de titularidade municipal pertencentes ao dominio público local para o desenvolvemento de una actividade económica de mercado.

Considérase actividade económica de mercado toda actividade comercial ou profesional consistente na prestación de servizos ou subministración a cambio de unha retribución económica.

Non estará suxeita á presente ordenanza a utilización privativa do dominio público local para a realización de actividades económicas por duración inferior a un mes, que se autoricen por mor dunha festividade ou evento cultural ou social determinado.

Dentro do feito imponible se entenderá incluída, en todo caso, a ocupación das instalacións e bens destinados ó servizo de mercado municipal, con independencia da natureza do título habilitante para a súa ocupación.

Art. 3.º. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen os bens e instalacións.

Art. 4.º. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5.º. Cota tributaria.**CATEGORÍA I – Locais municipais**

Locais con acceso directo dende a vía pública:3,5 €/mes/m²

Locais sen acceso directo dende a vía pública:2,5 €/mes/m².

CATEGORÍA II – Establecementos na vía pública

Quioscos.....50,00 €/mes.

CATEGORÍA III – Mercado municipal

Grupo A). Carnicería, chacinarías e similares:

Postos nº 1, 2 e 3.....94,41 €/mes.

Grupo B). Pescaderías, conxelados e mariscos:

Postos nº 1, e 2.....62,94 €/mes.

Grupo C) .Froiterías.:

Postos nº 1 e 262,94 €/mes.

Grupo D). Postos dispoñibles sen uso preferente nin predeterminado:

Locais comerciais nº 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8100,00 €/mes.

Local libre nº 1 (antigua inspección veterinaria).....39,00 €/mes.

Art. 6.º. Actividades artesanais.

A cota tributaria establecida na Categoría I e Categoría III, Grupo D), reducirase nun 80% no suposto de que os locais de titularidade municipal sexan destinados ao seu uso como talleres de artesanía, nos termos expresados no artigo 2.3 da Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

O solicitante deberá ter a condición de artesán ou mestre artesán.

A condición de artesán ou mestre artesán acreditarase mediante a posesión da carta prevista na Lei 1/1992, de artesanía de Galicia.

Art. 7º. Devengo.

A obriga de contribuír nace desde que teña lugar a correspondente concesión de local. Os dereitos de ocupación abonaranse mensualmente, polos concesionarios.

Art. 8º. Actualización de cotas.

As cotas anteriormente sinaladas serán obxecto de actualización periódica anual de acordo coa evolución do índice de prezos ó consumo.

Art. 9º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Os dereitos devengados non aboados, ademais de ser esixidos por vía de constrinximento, poderán levar a revogación da autorización de uso do local ou posto e incluso a clausura do mesmo, coa perda de tódolos dereitos que poida ter o titular.

Mondoñedo, 7 de outubro de 2021.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 3064

Anuncio

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xullo de 2021, de aprobación provisional da ordenanza fiscal das terrazas de hostalería, e ocupación da vía pública con taboados, tribunas e outros elementos con finalidade lucrativa, non presentándose reclamación durante o período de exposición pública, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribíse o texto íntegro da mesma, para a súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL DAS TERRAZAS DE HOSTALERIA, ASI COMO, A OCUPACION DE VIA PUBLICA CON TABOADOS, TRIBUNAS E OUTROS ELEMENTOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA .

EXPOSICION DE MOTIVOS

A instalación de terrazas de bares, cafeterías e restaurantes na vía pública veuse regulando ata o de agora coa ordenanza fiscal nº14 “Reguladora da tasa por ocupación de terrenos de uso municipal con mesas, cadeiras, tribunas e taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa .”Ainda que esta norma fixo un esforzo por regular o uso de espazos públicos dende o 2013, non puido establecer ,polas suas limitacións intrínsecas desde a que se aborda ,unha ordenación que contemplara todos os seus aspectos en cuestión.

A corporación local sendo coñecedora das limitacións desta Ordenanza e vendo a problemática que existe a arbitrariedade que xenera a anterior ordenanza , todo esto unido a situación de pandemia que nos toca vivir donde o uso do suelo público e fundamental para que os hosteleiros poidan levar a cabo a sua actividade ,e preciso un instrumento de ordenación do espazo público e do seu ornato , para que esteña de acordó coas características que implica o recoñecemento do noso casco histórico como un dos máis bonitos e protexelo para a sua conservación para deleite dos nosos vecinos e visitantes ,facendo compatible co desenrolo da actividade do canal Horeca.

Esta ordenanza trata de resolver as deficiencias da anterior e dar resposta a a unha gran asignatura pendiente e de protección do conxunto histórico artístico da nosa cidade.

Os obxetivos de esta ordenanza son, regular a convivencia de peons e terrazas, e crear un ambiente estéticamente aceptable a grande cidade na que nos toca vivir.

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. OBXETO

Esta ordenanza ten como obxectivo establecer o rexime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas, con ou sen pechamento estable de hostalería .Con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se se autoricen por parte do Concello de Mondoñedo.

ARTIGO 2. CONCEPTO DE TERRAZA E INSTALACIONES AUTORIZABLES

Para os efectos as instalación autorizables defínense da seguinte forma:

1.- Terrazas. -son as instalación formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos(parasoles), xardineiras. elementos móbiles, que desarrollan a súa actividade de forma anexa ou accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, bar-restaurante, taberna. chocolatería, pastelería, e outras similares. Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen. Estas instalacións

podrán ubicarse en suelo público ou privado. Si este último fora anexo a vía pública, deberá cumprir a mesma normativa que o de titularidade municipal, se ben e certo non será sancionable pola colocación das cadeiras, mais si deberá respetar as leis de ruído, sanidade e ornato público.

2.- Terrazas con pechamento. -son terrazas pechadas no seu perímetro e cubertas mediante elementos desmontables que se encontran en terreos de titularidade municipal e de uso público ou en espazos libres de parcelas de titularidade privada ou patios interiores, que desenrolan a súa actividade de forma accesoria os establecementos principais. (Serán obxecto de posterior normativa nas condicións dictaminadas por Patrimonio)

ARTIGO 3. AMBITO

O ámbito de aplicación será aplicable a todos os espazos públicos existentes, con independencia da súa titularidade. A condición de uso público vira dada pola situación de feito e polo planeamento vixente.

Non serán obxecto desta ordenanza o establecemento de kioscos, tablados e palcos, que estarán suxeitos a previa concesión administrativa, aínda que si as taxas de liquidación de ocupación de vía pública, se estes se situasen con fins lucrativos.

No referente a tablados e kioscos estrán suxeitos tamén a informe favorable de patrimonio.

Non serán obxecto as terrazas que esteñan en solo privado, aínda que se farán as pertinentes recomendación de ornato público. O cal non exime do cumprimento das leis sanitarias e de ruído.

ARTIGO 4. NORMATIVA APLICABLE

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, así como a protección do patrimonio, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga referencia expresa a elas nesta ordenanza.

ARTIGO 5. AUTORIZACIÓNS

1. A implantación destas instalacións require previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. O documento de autorización, o seu croquis de detalle e as homologacións dos elementos instalados, ou unha fotocopia de esas, deberán encontrarse a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Local.
2. Esta autorización incluírá o uso demanial de ocupación de terreos, cando sexa obxecto de terreos de titularidade pública, e a licenzia urbanística no suposto de terrazas con pechamentos estables (suxeitas a aprobación de Patrimonio)
A licenzia de uso demanial ou en precario deberá solicitarse con 20 días de antelación.
A licenzia de terrazas con pechamento estable estará suxeita a licenzia urbanística e a indicacións de Patrimonio non suxeita na presente ordenanza.
3. A autorización aprobada polo órgano competente (Xunta de Goberno Local) emitirse en modelo oficial, e deberá incluír, polo menos as dimensións de espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, o período de ocupación (de tempada ou anual) o número total de mesas e cadeiras autorizadas.
4. Nas terrazas con pechamento indícaranse tamén as súas características. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar plano ou detalle da instalación así como as homologacións dos elementos instalados.
5. Cando concurran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situación de emerxencia quedará derogada a autorización, así como descontó ou exención das taxas, sen que poda ser reclamado ningún tipo de indemnización por tal feito
6. As licenzias quedan condicionadas a posibilidade de utilización ou reparación das bocas de riego, tapas, rexistros ou outras instalacións que estiveran na súa área de ocupación.
7. As licenzias só se autorizarán a ocupación por un tempo determinado nelas, sen que do seu otorgamento derive para o seu titular ningún dereito lexítimo ni expectativa lexítima obtelas por un novo período nin impida denegación motivada en futuras ocasións.
8. As licenzias outorgáranse en precario e supeditadas a súa compatibilidade en todo momento co interese xeral. En consecuencia, podrán ser revocadas, modificadas ou suspendidas sen generar dereito a indemnización, aunque si a devolución da parte proporcional da taxa que corresponda según a ordenanza.
9. Coa licenzia regulada desta ordenanza valorase exclusivamente a ocupación do espazo público pola terraza, so se autoriza tal ocupación sin prexuízo do deber cumprir as demais normas que regulen a actividade e instalacións e de obter as demais autorizacións e títulos administrativos que no seu caso sexan necesarios.
10. En especial, a licenzia non autoriza a realización na terraza de actuacións musicais ou espectáculos, nin a reprodución de música e sonidos amplificados por ningún medio, aínda que o local dende o que se sirva esteña autorizado e **sen prexuízo de que tales actividades se poidan desenrolar na terraza nos casos, e coas limitacións e autorizacións previstas en alguna outra normativa ou aplicación.**
11. So poderanse otorgar licenzias aquí reguladas os titulares de establecementos de hostelería situados nun local próximo que contén con licenzia municipal de apertura e contén cos demais requisitos legais de funcionamento.

ARTIGO 6. CARENIA DO DEREITO PREESISTENTE

- 1.- instalacións que se soliciten en terreos de titulariedade e uso público: en virtude dos principios de non alleamento non prescrición dos bens de dominio público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada non otorga dereito ningún a súa concesión. O Concello, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, poderá conceder ou denegar a autorización, facendo prevalecer o interés xeral sobre o particular.
- 2.- Instalacións que se soliciten en terreos de titularidad e uso privado: o órgano competente, considerando a circunstancias reais ou previsibles, e tendo en conta o carácter degradado este tipo de autorización deberá concédelas o denegarlas **motivadamente**.

ARTIGO 7. HORARIOS

1. O horario do funcionamento das terrazas situadas en solo de titulariedade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será a do horario habitual do establecemento , que deberá estar exposto en un sitio visible da terraza .
2. Non obstante, o perceptuado no párrafo anterior, o Concello poderá mediante resolución motivada poder modificar o horario en calquera momento atendendo a circunstancias de índole sociolóxico, medioambiental ou urbanístico que concurran.
3. As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo de tempada as que van dende o 1 de xuño ata o 31 de agosto, ambos inclusive, e anual as que van dende o 1 de Xaneiro ata o 31 de Decembro.
4. Finalizado o horario de funcionamento da terraza, os espazos deberán ser limpiados,, tanto os veladores (mesa con catro sillas)como todo o mobiliario autorizado deberá quedar recollido e amontonado de maneira que non dificulte as labores de limpeza nin interrumpa o tráfico peonil nin do tráfico rodado.No caso de que o establecemento non queira recoller cada día a súa terraza deberá facelo expreso na solicitude , firmando unha declaración responsable donde se compromete a manter en condicións de salubridade o espazo concedido .

Os elementos da terraza non poderán permanecer na vía pública sin instalar máis de sete días, salvo por circunstancias climatolóxicas ou de forza maior. Tampouco poderán almacenarse na vía pública os elementos da terraza, nin os veladores, durante os períodos ou tempadas de non instalación.

ARTIGO 9. LIMITACION DOS NIVEIS DE TRANSMISIÓN SONORA

O funcionamento das instalacións non poderán transmitir o medio ambiente interior e exterior das vivendas e outros usos residenciais ou hospitalarios niveis de ruidos superiores o máximos establecidos na normativa vixente.

ARTIGO 10. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puiderán derivarse do funcionamento e instalación e terraza.

ARTIGO 11. HOMOLOGACIÓNS E PUBLICIDADE.

1. No ámbito de aplicación do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, homologase o mobiliario fabricado cos seguintes materiais: madeira, vimbio, ferro forxado e materiais que imiten aos anteriores cunha calidade acordó co entorno, prohibíndose materiais plásticos sin tratar , aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou acabados metalizados brillantes. Valoraranse proxectos individualizados, que pola singularidade e valor de conxunto que presenten, empregren outros materiais que os recollidos no párrafo anterior. No referente as cores, homologanse as cores orixinais dos materiais, o negro, o castaño, o marrón nas súas diferentes tonalidades,asi como todas as tonalidades de branco . As formas e o mobiliario debe ser de acordó co entorno.
2. Fóra do ámbito de aplicación do Plan Especial de protección e Rehabilitación da cidade histórica e fora de afeccion do Camiño de Santiago admítense os materiais anteriores, engadíndo outros novedosos que pola súa singularidade aporten valor ao proxecto presentado, sempre que estes teñan unha calidade adecuada o entorno, prohibíndose aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou metalizados brillantes. Valoraranse proxectos individualizados, que pola súa singularidade e valor de conxunto que presenten, e empregren outros materias que os recollidos no párrafo anterior. Co referente as cores, evítanse color rechamantes.
3. Prohibese a publicidade visible desde o exterior da terraza nos elementos instalados nelas ou nos seus elementos fixos, permitíndose a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas. Pode colocarse publicidade que só sexa visible desde o interior da terraza nos seus elementos ou pantallas de televisión.
4. No caso das antucas se estas levan publicidade, deberá ser o menos visible posible, limitándose a o nome da marca nun dos seus extremos.
5. No caso de que se o espazo da terraza esteña delimitado, con algún tipo de elemento móvil. Darase preferencia o uso de xardineiras e elementos vexetais, para o cal deberán usar materiais similares os da terraza. No caso de usarse cerres de madeira (ou similares) estes non poderan ir anclados no chanes. Non se permite os cerramentos con aceiro, plástico ou ferro.

ARTIGO 12. CONDICIONS DE SUMNISTRO

1. As acometidas de auga, saneamento e electricidade deberán ser terrestres e deberán cumprir a súa normativa reguladora. No caso das instalacións eléctricas protexeranse cun diferencial de alta sensibilidade non podendo empregarse como apoio o arbolado, nin ningún tipo de mobiliario urbano e debese axustar en todo caso o Regulamento Electrotécnico para Baixa tensión establecendose na MI.BT027 para instalación de locais mollados. Os condutores quedaran fora do alcance de calquera persoa, non podendo discurrir polas aceras nin utilizar o arbolado nin o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos provocaran deslumbramento a peons e o tráfico rodado. As instalacións deberán ser revisadas anualmente por un instalador autorizado

ARTIGO 13. CONDICIONS HIXENICO SANITARIAS

As instalacións reguladas nesta ordenanza deberán manterse en adecuadas condicións hixenico sanitarias.

ARTIGO 14. FIANZAS

No caso de que os técnicos do Concello consideren que a instalación dunha terraza supón a posibilidade de danos en bens públicos será preciso a constitución dunha garantía que responda das posibles deterioracións que se poidan causar ao dominio público e as súas instalacións.

ARTIGO 15. RESTRICCIÓNS A ACTIVIDADE QUE SE ADSCRIBA

Solamente se concederá licenza para a instalación de mesas e veladores cando sexa anexas o accesorias a unha actividade hosteleira.

ARTIGO 16 CONDICIONS DO ESPAZO DONDE SE UBIQUE A TERRAZA.

1. No caso de que a terraza se ubique na rúa, sen aceras, so se permitirá instalar unha mesa ou barriles con dúas cadeiras, quedando o espazo suficiente para o paso de un vehículo sen por en perigo os peons.
2. Aínda que un espazo reúna as condicións para a súa colocación, esta poderá autorizarse ou non, con dimensións inferiores ás solicitadas, si se entende que dificulta o tránsito peonil ou do tráfico, aínda que isto ocorra so unhas horas.
3. Cando as terrazas esteñan sobre unha praza Autorízase a ocupación enfrente do local, podendo extenderse hacia frontal ou lateral, sempre que non ocupe fachadas que non pertencen o negocio, nese caso deberá facer constar por escrito a autorización dos colindantes y condición de paso.
4. Cando as terrazas se ubiquen debaixo de soportais ou análogo permíranse mesas de apoiadas na parede con solo dúas cadeiras contra a parede tamén, no frontal do local ou edificio análogo (sempre que conte coa autorización por escrito do colindante coas condicións) deberá deixarse 1'8 metros ata a seguinte silla da seguinte ringleira, para facilitar o paso dos peons, e dunha silla de rodas considerándose unha falta grave non cumprir esta norma.
5. No caso de que a vía sexa o suficientemente ampla quedara suxeita a colocación de mesas e cadeiras os informes técnicos que primarán o paso de peons e a non interrupción do tráfico rodado.
6. No caso de que concorran varias terrazas xuntas, deberá deixarse entre terraza 1.5 metros de separación e **podera realizarse** con algún dos materiais permitidos, dando preferencia a xardineiras
7. Ningunos dos elementos poderá ir anclado no chan, ou suxeito a ningunha árbore ou outro tipo de mobiliario urbano.
8. Ningunha terraza poderá usar ou tapar o mobiliario urbano, árbores ou xardineiras municipais.
9. Non se autorizará en ningún caso equipos de son nin elementos ornamentais que non se correspondan cos sinalados a esta ordenanza.
10. Non se permite máquinas expendedoras (tabaco bebidas ou similares), nin equipos de conservación de produtos na terraza.

Os elementos do mobiliario, estarán suxeitos as seguintes prescripcións:

1. Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público elementos decorativos ou revestimentos que non esteñan incluídos expresamente na autorización.
2. O módulo tipo estará constituído por unha mesa e catro cadeiras, enfrontadas dúas a dúas (1,60 x1,60).As medidas, son orientativas, determinado o espazo que se desexa utilizar deberán presentar as medidas de mesas e cadeiras para ver a posibilidade de concesión do espazo e número de mesas e cadeiras autorizadas. Autorízanse tamén:

- Unha mesa e dúas cadeiras 1.60 x .80 metros, que pode reducirse a 1.60 x0.60, cando a estreiteza do espazo o aconselle sempre que se deixe o mínimo para os peons de 1.80 metros.
- Un módulo de 1.20 x1.80 cunha mesa rectangular e catro cadeiras, dous cadeiras o longo da mesa.
- Unha mesa alta con dúas cadeiras 1.20x1.20. Poderá substituírse a mesa por un barril tradicional de madeira e aros en forxa ou imitación.
- Unha mesa alta e dúas banquetas 1.20x0.60

As mesas e cadeiras distribuiranse no espazo otorgado como mellor conveña sempre que permita o doado acceso as mesmas de todas mesas e cadeiras, para o cal establecerase polo establecemento un corredor de 1.50m para o acceso os camareiros e entradas e saídas. Este corredor contabilizarase na superficie de ocupación da terraza.

3.- No casco histórico así como donde a lonxitude das rúas non o permita. Estes deberán ser fáciles de recoller, permitíranse cortaventos de como moito de 1,5m de cristal en estrutura de forxa ou madeira según criterios técnicos dependendo da zona ..

4.- No resto de zonas donde se permitan os toldos, non poderán estar suxeitos o solo(fora da zona PEPRI), ni a ningún elemento do mobiliario urbano, nin arbores. No se permitirá que ningún toldo elimine elementos urbanos. Este deberá retirarse antes do transcurso da semana despois de finalizada a súa autorización.

6.- Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras, billares, futbolíns e similares. Non se permite a colocación de barras fixas no exterior.

Enténdese por barra fixa, aquela que precisa de instalación e non ten a condición de móvil (montaxe e desmontaxe)

7.- Os servizos públicos non se verán obstaculizado polo cal deberá:

→Deixarse libre as entradas para as pasaxes de vehículos.

→As saídas de emerxencia.

→ Respetar unha distancia de colocación suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, baculos de alumeadado, arbores, xardíns...

8. O mobiliario deberá retirarse de vía pública, despois de cada xornada, quedara almacenada nun lugar que non moleste para a limpeza viaria, si este quedara suxeito con cadeas, para evitar os trastornos de sono dos veciños estés deberán estar revestidas de plástico. **Si se acordara entre o hostelero e o Concello que a limpeza e levada a cabo polo primeiro, deberá comprometerse a ter a súa zona limpa e desinfectada, e cando remate a súa xornada colocar un cartel nas mesas onde sinale que están fora de servizo.**

ARTIGO 17. AUTORIZACIÓN DE EQUIPOS DE SON E AUDIOVISUAIS

As actuacións en directo, así como a instalación de equipos audiovisuais ou son deberán contar cos permisos pertinentes non regulados nesta ordenanza. Pero deben acatar os horarios de cerce e medición acústica, así como as normas sanitarias en vigor.

ARTIGO 18. PARTICULARIDADES PARA A INSTALACIÓN DAS TERRAZAS EN ESPAZOS LIBRES PRIVADOS.

1. Deberase informar o Concello para a instalación de terrazas en espazos privados os efectos de que este día por bo o mobiliario a utilizar, co fin de garantir unha homoxeneidade coas terrazas situadas en dominio público.
2. En ningún caso, a instalación destas terrazas en espazos libres privados dificultará a evacuación dos edificios ou locais nos que se instale.
3. As terrazas en dominio privado non estarán suxeitas o pago de taxas establecido, pero si a normativa aplicable en ruído, suministros eléctricos e de auga e sanitarios.

LICENCIAS

ARTIGO 19. TRANSMISIBILIDAD

1. As licencias que se outorguen non poderán ser cedidas en ningún caso.
2. No caso de traspaso do establecemento manteranse as condicións estipuladas polo anterior propietario, se o novo propietario non estivera de acordo e quixera cambiar o autorizado procederase a un novo proceso de licitación.

ARTIGO 20. PERIODO DE FUNCIONAMENTO

A licenza poderá solicitarse para algún dos seguintes períodos de funcionamento:

- 1.- Estacional, comprende dende 1 de xuño ata o 31 de Agosto
- 2.- Non estacional, dende o 1 de Xaneiro ata o 31 de Maio e dende o 1 de setembro ata o 31 de Decembro.
- 3.- Poderá solicitarse anualmente.

Para períodos inferiores, poderase solicitar licenza con unha duración mínima de un mes.

ARTIGO 21. VIXENCIA

1. As licencias Terán como período máximo 1 ano, contado como ano natural de xaneiro a decembro.
2. Transcurrido este período, o período de vixencia, a persoa titular, ou no seu caso o establecemento correspondente, deberá retirar toda a instalación devolvendo a vía pública o seu estado anterior.

ARTIGO 22.SOLICITANTE

Podrá solicitar a licenza o titular do establecemento, sendo perceptivo que dispoña das autorizacións para o desenvolvemento da actividade.

ARTIGO 23. DOCUMENTACION E TRAMITACION

Datos pessoais: nome e apelidos, ou razón social, domicilio, tlfno.DNI ou CIF

Nome comercial e emplazamento da actividade principal.

Plazo de instalación solicitado.

Fotocopia de licencia de funcionamento do establecemento

Relación de elementos de mobiliario que pretenda instalar, así como o seu número exacto.

Croquis a man ou ordenador no que se reflexe a superficie a ocupar de todos os elementos de mobiliario, así como clase, número dimensión colocación, e elementos de mobiliario urbano existentes.

Documento acreditativo de estar corrente no pago da póliza de RC que inclua a terraza.

Detalles de acometidas de luz e auga e autorización se fose o caso

ARTIGO 24. INFORMES E RESOLUCION

1. Formulada a petición, nos termos esixidos, e previos os pertinentes informes, da Autoridade Municipal Competente, resolverá no prazo reglamentario.
2. O Informe técnico incluirá no seu caso, un documento ou ficha na que se recollan gráficamente as condición concretas (emplazamento, superficie ocupable, numero de mesas, sillas, elementos accesorios) da instalación que se autorice.
3. A non resolución expresa no prazo dun mes terá efectos desestimatorios.

ARTIGO 25. CONDICIONS DE LICENCIA

1. A licencia sempre se entenderá outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo dun terceiro, non podendo ser invocada para excluir ou disminuir a responsabilidade civil ou penal na que incurrixe a persoa titular no exercicio das súas actividades, nin exime da necesidade, no seu caso, de obter outras autorizaciónes.
2. No documento de licencia fixaranse as condición de instalación de elementos auxiliares, emplazamento detallado, superficie a ocupar numero de mesas e cadeiras, debendo encontrarse o orixinal do documento ou unha copia no mesmo lugar da actividade principal a disposición en todo momento dos axentes da autoridade.
3. A licencia extenderse sempre con carácter de precario e a Autoridade Municipal poderá ordenar de forma razonada, a retirada da vía pública sin dereito a indemnización alguna as instalacións autorizadas cando incurrir circunstancias de trafico, urbanísticas, obras (públicas ou privadas) ou calquer interés xeneral que así o aconselle.
4. A persoa titular da licencia quedará obrigada a reparar cantos danos se produzan na vía pública, como consecuencia dos elementos de instalación.

Restablecemento da legalidade**ARTIGO 26. COMPATIBILIDADE**

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada o seu estado orixinario, así como, a indemnización por danos e prexuízos causados. Non obstante, a retiradas das instalación ilegais ou a suspensión do seu funcionamento poderá acordarse como medida cautelar, sempre que as circunstancias sexan excepcionais e cando en todo caso se motive a suspensión en base a seguridade das persoas, cando as normas de convivencia, vecindad e sanitarias así o fagan imprescindible, o tempo de dispoñerse a iniciación do correspondente procedemento sancionador.

ARTIGO 27. INSTALACION SEN LICENCIA

1. A autoridade Municipal poderá retirar, de forma cautelar e inmediata, as terrazas y veladores ou calquer elemento auxiliar, instalados sin licencia na vía pública e proceder o seu depósito no lugar designado para elo, a costa da persoa responsable, sin prexuízo da imposición das sancións reglamentarias.
2. A ocupación de solo de uso público sin licencia mediante esta instalación considerase infracción e con independencia do desmontaxe e retirada de toda a instalación podera serlle imposta a persoa responsable as sancións previstas na normativa vixente, previa instrucción do correspondente expediente.
3. A permanencia nas terrazas e veladores, tras a finalización do periodo amparado pola licencia será asimilada a efectos disciplinarios, a situación de falta de autorización municipal.

ARTIGO 28. EXCESO DE ELEMENTOS OU SUPERFICIES SOBRE O AUTORIZADO.

O disposto no artigo anterior será aplicable os elementos de mobiliario, incluídos os equipos de produción ou reprodución sonora ou visual e maquinas de xogo e expendedoras automáticas, que non esteñan contempladas na correspondente autorización ou que excedan nos términos permitidos, esto sin prexuízo da posible revocación da licencia outorgada ou denegación da renovación correspondente.

ARTIGO 29. REVOCACION

En todo caso, as licencias que se outorguen para implantación de calquera instalación prevista nesta ordenanza sobre solo público serano en precario e condicionadas o cumprimento das prescipcións e medidas correctoras establecidas na mesma, podendo disponse a súa revocación no caso de incumplimento, sin prexuízo da facultade revocatoria xustificada por esixencias de interés público. De acordarse a revocación en calquera dos casos indicados, requirirase no mesmo acto o titular da instalación para que proceda a súa retirada no prazo que se lle indique, sin dereito a indemnización, e con apercibimento de que no caso de incumplimento disporase a realización a súa costa polos servizos municipais.

TASAS**ARTIGO 30.COTA TRIBUTARIA**

Por cada metro cuadrado de superficie ocupada 4 Euros /mes

Suxeito a revisión anual do IPC

ARTIGO 31. DEVENGO

1. A obriga de pago nace:
No momento de ser solicitada a correspondente licencia
2. O pago farase mediante transferencia Bancaria, nos tempos e formas que dicte a Tesoureria Municipal.

INFRACCIONES E SANCIONS.**ARTIGO 32. INFRACCIONS**

Son infraccions de esta Ordenanza as accions ou omisións que contraveñan o disposto nela.

ARTIGO 33. RESPONSABLES

Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

ARTIGO 34. CLASIFICACION DAS INFRACCIONS.

As infraccions desta ordenanza calificanse en leves, graves, moi graves.

1. Son infracción leves:

- A falta de ornato e limpeza das instalación e o seu entorno.
- A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, e axentes da autoridade do documento de licencia e plano o detalle.
- Almacenar ou apilar produtos ,envases , residuos na zona da terraza ou calquera outro espazo da vía pública.
- O incumplimento da obligación de retirar, recoller ou apilar o mobiliario da terraza nun tempo que exceda dunha hora do horario permitido.
- Apilar na vía publica mais mesas das autorizadas
- A non adopción de medidas necesarias para que os usuarios das terrazas nones invandan o espazo de zonas de paso dos peons.
- O incumplimento de calquera outra obriga prevista nesta Ordenanza que non sexa constitutiva de grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- A comisión de tres infraccions leves en un ano.
- O incumplimento do horario de inicio e cerrre entre 30 e 60 min.
- A instalación de elementos de mobiliario non previstos na licencia ou numero maior os autorizados.
- A ocupación da superficie maior a autorizada en mais dun dez por cento e menos dun vintecinco por cento ou calquera dos incumplimentos de delimitación
- A colocación de mais mesas das autorizadas
- A produción de molestias acreditads os vecinos ou transeúntes derivadas do funcionmemento da instalación.
- A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outra instalación non autorizadas ou fora de horario o que se limitase nas terrazas nos que fora autorizado.
- O exceso de ocupación cando implique una redución do ancho libre para o paso de peons.
- A falta de presentación do documento de licencia e plano o detalle aos axentes da autoridade, ou funcionarios competentes que o requiran.
- O deterioro de elementos de mobiliario urbano ou ornamentais como consecuencia da terraza.
- O incumplimento da obligación de retirar o toldo cando proceda.
- A colocación de publicidade sobre elementos de mobiliario sin axustarse a norma.

3. Son infraccións moi graves:

- A comisión de tres faltas graves en un ano .
- A ocultación, manipulación ou falsedade dos datos da documentación aportada na orde de obtención da correspondente licencia.
- A carencia de seguro obligatorio
- A instalación de terrazas fora de periodos autorizados
- A cesión do uso da terraza o servizo de produtos alimentarios non autorizados
- A ocupación de superficie maior a autorizada, en mais do vintecinco por cento.
- O incumplimento da orden inmediata de suspensión
- A produción de molestias graves a vecinos ou transeúntes derivados do funcionamento da instalación por incumplimento reiterado e grave das condicións establecidas na presente ordenanza.
- A celebración de espectáculos e actuacións non autorizados de forma expresa.
- O exceso de ocupación cando implique unha redución do ancho libre para o paso de peons.
- A falta de consideración os funcionarios ou axentes da autoridade, cando interveñan por razón do seu cargo ou a negativa ou obstaculización o seu labor inspector, así como a negativa a recoller a terraza, ou elementos da mesma, cando fose requirido pola autoridade municipal.
- Non contar coas instalacións de luz e auga según a normativa
- O incumplimento do horario de inicio e cerre en mais de 60 minutos.

ARTIGO 35. SANCIONS

A comisión de infraccións prevista levará aparellada a imposición das seguintes sancións:

Infracción leve, multa de entre 100 e 300 Euros

Infracción grave, multa entre 301 e 600 euros

Infracción moi grave, multa entre 601 e 1800 Euros.

A imposición de infraccións moi grave poderá levar parella a revocación da licencia ou a inhabilitación para renovación da mesma.

Para a modulación das sancións atenderase a existencia de intencionalidade manifesta, reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia.

A imposición da sanción requirirá previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal sustanciará con arreglo o disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento e desenrolo.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira. Coa finalidade de millorar a seguridade de espazos pouco transitados poderá ser concedida licencia de forma excepcional para a instalación de terrazas en espazo público separado do establecemento. En ningún caso se autorizará nunha zona onde cause molestias os vecinos para o tránsito peonil. Os informes técnicos deberán xustificar a excepcionalidade desta proposta, o interese público da mesma e a ausencia de transmisión de molestias os vecinos

Segunda. Durante as festas patronais, AS San Lucas, Quendas e Remedios ou outras celebracións que o Concello o estipule, nunca no Mercado Medieval suxeito a unha normativa específica e de uso de solo público esta ordenanza poderá sufrir modificación:

-Podrá solicitarse licencia de ocupación do suelo con terrazas so para eses días, presentandoa con 20 días de antelación

Esta autorización estará suxeita o funcionamento e transcurso dos actos realizados e por onde discorran.

Estarán suxeitas o espazo concedido e delimitado

Non se permitirá a instalación de elementos como toldos ou similares.

DISPOSICION DEROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedarán derogadas cantas disposicións existentes se opoñan a mesma .

DISPOSICIONS FINAIS

Primeira .-Esta ordenanza esta suxeita a un espazo de tránsito de 3 anos para adaptarse as disposicións que aquí están expostas ,non eximindo esta disposición a autorizar os elementos prohibidos causando una infracción no seu caso, coa súa pertinente sanción e reposición da legalidade .

Segunda.- Entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia .

Terceira .- Autorízase expresamente a Autoridade Municipal competente para o outorgamento das licenzas ,a interpretar, aclarar e desenrolar a presente Ordenanza, conforme os principios recollidos na vixente lexislación sobre procedemento administrativo común .

POSIBLES MODELOS DE MOBILIARIO QUE SE PERMITEN

Anexos :

MODELOS ANTUCAS



Modelo antuca ,podese modificar as tonalidades de madeira hacia mais claro a mais oscuro ata o negro.No referente o textil poden ir do branco puro ata o marfil ,roto ...distintas modalidades de brancos .





MESAS CUADRADAS EN TODAS AS TONALIDADES DE MARRON ATA O NEGRO E BLANCOS







Modelo 1 silla en todas as tonalidades de blanco, marron ata negro .

Modelo 2 silla en todas as tonalidades de blanco marron ata negro .



MESA ALTA EN TODAS AS TONALIDADES DE MARRON ATA O NEGRO



Modelos

Taburetes





CORTAVENTOS NAS SUAS TONALIDADES DE FORMAS (GRADOS DE MARRÓN E NEGRO)





Os barriles autorizados serán os tradicionais .

Queda derogada a ordenanza nº 14, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, actualmente en vigor, sendo substituída pola que se transcribe anteriormente.

Mondoñedo, 7 de outubro de 2021.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 3065

MURAS

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de modificación de créditos do orzamento municipal do exercicio 2021 mediante crédito extraordinario

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería por importe de por un importe de 28.499,38€

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, a 28 de outubro de 2021.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3104

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 14 de outubro de 2021 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **xullo-agosto de**

2021, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de dous meses a partir da data seguinte da súa publicación no BOP.

Ribadeo, 14 de outubro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 3066

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO DE 2021

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 20 de outubro de 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de setembro de 2021 polo importe total de 6.228,98€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro 21 de outubro de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3067

VILALBA

Anuncio

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL, ANO 2021, aprobadas na Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2021. Expte 3867/2021.

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Vilalba, convócanse as presentes axudas para o período comprendido entre o **1 de xaneiro ó 15 de decembro de 2021**.

1. Disposicións xerais.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais do Concello de Vilalba, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define no **Capítulo VI do Título IV “Subvencións”** das bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o ano 2021, prorrogado de 2019.

2. Finalidade e obxecto.

O Concello de Vilalba quere dar apoio ás entidades sen ánimo de lucro e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, promovendo desde xeito a democratización da sociedade.

Por este motivo, o Concello de Vilalba publica esta convocatoria de subvencións destinadas a entidades asociativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións deste concello.

Haberá as seguintes liñas de subvención:

TIPO DE ASOCIACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO ORZAMENTARIO
- ASOCIACIÓNS CULTURAIS	334.48911,00 €	5.400,00 €
- ASOCIACIÓNS EDUCATIVAS	320.48911,00 €	1.800,00 €

- AS. OU CLUBES DEPORTIVOS	341.48911,00 €	10.800,00 €
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES	2312.48911,00 €	3.600,00 €
- ASOCIACIÓNS VECIÑAIS	327.4811,00 €	9.600,00 €
- AS. QUE TRABALLAN CON COLECTIVOS ESPECÍFICOS	2310.48911,00 €	600,00 €
- OUTRO TIPO DE ASOCIACIÓNS	334.48911,00 €	1.200,00 €
	TOTAL:	33.000,00 €

3. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Requisitos das entidades solicitantes.

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas presentes bases as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e carecer de fins de lucro.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Vilalba.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- Que no ano 2021 a entidade solicitante non teña concedida subvención nominativa por parte do Concello de Vilalba, a excepción das subvencións nominativas ás ANPAS para a realización de actividades educativas e de conciliación.
- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vilalba, coa Administración Estatal, coa Administración Autonómica e coa Seguridade Social.
- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Procedemento de solicitude.

5.1 Documentación.

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

- Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Vilalba, asinado polo/a presidente/a da entidade ou por quen teña conferida a delegación (ANEXO 1).
- Memoria descritiva dun **Plan de Tres Actividades**, debendo realizar, cando menos, unha delas (ANEXO 2). Este plan presentará os seguintes puntos:
 - Descrición das actividades incluídas no Plan.
 - Obxectivos a acadar en cada unha das actividades.
 - Antigüidade de cada unha das actividades.
 - Lugar e data de realización de cada actividade.
 - Número de persoas participantes en cada actividade.
 - Equipamento necesario para a realización das actividades.
 - Persoal que se require para levar a cabo cada actividade.
 - Orzamento de ingresos e gastos de cada actividade (financiamento con fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados).
- Certificación do/a Secretario/a da entidade en relación á actuación do/a representante legal, segundo modelo que figura como ANEXO 3.

- Declaración responsable de cumprir os requisitos específicos da presente convocatoria, segundo modelo que figura como ANEXO 3.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, autorizando expresamente ó Concello de Vilalba para a comprobación da situación da entidade solicitante respecto das obrigas tributarias e coa Seguridade Social segundo modelo que figura como ANEXO 3.
 - Certificación de datos bancarios da entidade solicitante, segundo modelo que figura como ANEXO 4.
- g) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude, segundo modelo que figura como ANEXO 5.

Só poderá presentarse **unha solicitude de subvención por entidade** e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma.

5.2 Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse na Sede Electrónica/Rexistro Electrónico do Concello de Vilalba, así como nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será **15 días naturais** contado a partir do día seguinte ó da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6. Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, realizando cando menos, unha das actividades recollidas no Plan de Tres Actividades presentado na solicitude ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para iso, canta información lles sexa requirida.
- c) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución da actividade. Para iso, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar de forma visible un cartel informativo no cal apareza o anagrama do Concello de Vilalba acompañado da expresión: "Colaborou o Excmo. Concello de Vilalba". Dito anagrama e expresión tamén deberán figurar en toda a documentación (impresa e/ou dixital) que anuncie a actividade subvencionada.
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
- e) Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes bases.

7. Resolución das subvencións.

7.1 Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidenta/e: Alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Vogais: un/unha concelleiro/a e tres técnicos/as municipais nomeados pola Alcaldesa.
- c) Actuará como secretario/a, sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.2 Criterios de valoración.

Cada entidade solicitante poderá obter ata **100 puntos como máximo** que serán outorgados pola Comisión de Valoración ponderando os seguintes criterios:

7.2.1 Asociacións culturais:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (festas patronais, festas de Nadal, Feira do Queixo de San Simón, Feira do Capón, Entroido...). **Ata 40 puntos.**
Número de persoas implicadas na asociación e número de actividades desenvolvidas. **Ata 15 puntos.**
- b) Actividades de fomento da lingua e cultura galega. **Ata 15 puntos.**

c) Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación. **Ata 10 puntos.**

- Representación equitativa (10 puntos).
- Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
- Por baixo do 25% de representación (2 puntos).

d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades e do funcionamento propio da asociación. **Ata 20 puntos.**

7.2.2 Asociacións educativas:

a) Adecuación do Plan de Actividades á realización de actividades extraescolares de carácter educativo/cultural que faciliten a conciliación. **Ata 30 puntos.**

b) Actividades realizadas na zona rural. **Ata 15 puntos.**

c) Actividades de fomento da convivencia e a igualdade de xénero. **Ata 25 puntos.**

d) Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación. **Ata 10 puntos.**

- Representación equitativa (10 puntos).
- Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
- Por baixo do 25% de representación (2 puntos).

e) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 20 puntos.**

7.2.3 Asociacións ou clubs deportivos:

a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal (San Ramón, Feira do Queixo, Feira do Capón, Programa de Nadal, etc...), e participación/colaboración en actividades/eventos deportivos (carreiras populares, campamentos de verán, verán activo, programa deportivo das Festas de San Ramón...), organizados polo Concello de Vilalba . **Ata 25 puntos.**

b) Ámbito xeográfico no que se levarán a cabo as competicións/eventos subvencionados. **Ata 10 puntos.**

A. Local (1 punto)

B. Comarcal (2 puntos)

C. Provincial (3 puntos)

D. Autonómico (5 puntos)

E. Nacional (10 puntos)

c) Volume total de participación en dito evento (registro de inscricións). **Ata 20 puntos.**

d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 20 puntos.**

e) Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación/Club. **Ata 10 puntos.**

- Representación equitativa (10 puntos)
- Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
- Por baixo do 25% de representación (2 puntos).
- Presenza de mulleres no corpo técnico. **Ata 5 puntos.**
- Actividade deportiva subvencionada dirixida a mulleres. **Ata 5 puntos.**
- A Asociación/Club ten oferta deportiva e equipos femininos. **Ata 5 puntos.**

7.2.4 Asociacións de mulleres:

1. Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (conmemoración do Día Internacional da Muller e do Día Internacional contra a violencia de xénero, etc). **Ata 30 puntos.**

2. Actividades que contribúan á visibilización e resolución no ámbito municipal das problemáticas existentes no eido da muller. **Ata 20 puntos.**

3. Perspectiva de xénero nas súas manifestacións, cunha linguaxe inclusiva que evite o sexismo. **Ata 10 puntos.**

4. Pulo das mulleres como referentes en distintos eidos sociais. **10 puntos.**

5. Actividades realizadas para os colectivos de mulleres máis vulnerables. **Ata 10 puntos.**

6. Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarias para a realización das actividades. **Ata 20 puntos.**

7.2.5 Asociacións veciñais:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (festas patronais, festas de Nadal, Feira do Queixo de San Simón, Feira do Capón, Entroido...). **Ata 35 puntos.**
- b) Actividades de fomento das relacións entre a veciñanza (cursos, xuntanzas, celebracións...). **Ata 15 puntos.**
- c) Actividades de carácter interxeracional que fomenten o coñecemento da historia da parroquia. **Ata 15 puntos.**
 - Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación. **Ata 10 puntos.**
 - Representación equitativa (10 puntos).
 - Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
 - Por baixo do 25% de representación (2 puntos).
- d) Número de persoas beneficiarias participantes nas actividades. **Ata 15 puntos.**
- e) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 10 puntos.**

7.2.6 Asociacións que traballen con colectivos específicos:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ós programas de servizos sociais municipais. **Ata 40 puntos.**
- b) Fomento da integración de persoas con discapacidade e atención a persoas en risco de exclusión social. **Ata 15 puntos.**
- c) Actividades dirixidas a menores de idade. **Ata 15 puntos.**
- d) Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación. **Ata 10 puntos.**
 - Representación equitativa (10 puntos).
 - Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
 - Por baixo do 25% de representación (2 puntos).
- e) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 20 puntos.**

7.2.7 Outras Asociacións:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (festas patronais, festas de Nadal, Feira do Queixo de San Simón, Feira do Capón, Entroido...). **Ata 40 puntos.**
- b) Presenza de mulleres na xunta directiva da Asociación. **Ata 10 puntos.**
 - Representación equitativa (10 puntos).
 - Por baixo do 50% de representación (5 puntos).
 - Por baixo do 25% de representación (2 puntos).
- c) Actividades realizadas na zona rural. **Ata 20 puntos.**
- d) Número de persoas beneficiarias participantes nas actividades. **Ata 20 puntos.**
- e) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 10 puntos.**

7.3 Proposta e concesión de subvencións.

A Comisión de Valoración procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. Para iso, a comisión establecerá, para cada unha das categorías de subvención e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. Deste xeito, a citada proposta terá carácter proporcional coa puntuación obtida nas mesmas, de modo que, a maior puntuación maior será a contía da subvención. **Dita contía non superará os 600 € por entidade.**

A proposta de concesión de subvencións deberá conter a relación de entidades solicitantes para as que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á mesma. Posteriormente, dita proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Comisión de Valoración informada pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de tres meses contado a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

7.4 Resolución e publicidade da concesión.

A resolución da concesión farase pública na Sede Electrónica do Concello (Taboleiro de Anuncios e Portal de Transparencia) durante o prazo dun mes.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

7.5 Reformulación de solicitudes.

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación de solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ó solicitado pola entidade beneficiaria, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior reducirase proporcionalmente.

8. Xustificación e pagamento.

8.1 Pagamento.

A xustificación da subvención será do importe concedido, baixo a responsabilidade da persoa declarante. As subvencións aboaranse do seguinte xeito: o 80% no momento da concesión e o 20% restante logo da xustificación dos gastos, quedando exoneradas as asociacións do depósito de garantía polo aboamento con carácter anticipado do importe da subvención, de conformidade co establecido no artigo 42.2.b) do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vilalba, situación que este determinará de oficio a través do Servizo Municipal de Recadación. Así mesmo, as entidades deberán acreditar que están ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade coa normativa.

8.2 Prazo de xustificación.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finaliza o **15 de decembro de 2021**.

8.3 Consideracións xerais.

- a) Os gastos xustificables deberán axustarse ós conceptos aprobados no presuposto inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Vilalba, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.
- c) Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ó remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.
- d) O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.
- e) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- f) As entidades beneficiarias da subvención deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario. Excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300€ nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- g) O beneficiario deberá someterse ós procedementos de control ou auditoría que se realicen pola Intervención Municipal e os Servizos Municipais correspondentes polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na condición de contratante, ó procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. E como resultado dos ditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ó previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e, de ser o caso, responsabilidade penal de conformidade co Código Penal.
- h) Non poden ser obxecto de subvención aquelas actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración do Concello de Vilalba, nin as que recibisen outro tipo de aportación municipal.

8.4 Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables:

- a) Aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido pola convocatoria. En ningún caso o seu custo poderá ser superior ó valor de mercado.
- b) Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.
- c) Os gastos de infraestruturas e equipamento derivados da organización e realización das actividades subvencionadas (só serán subvencionadas ata un máximo dun 25% da subvención concedida).
- d) Seguros da responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- e) Retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade que se acreditarán mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE.
- f) Os gastos correspondentes a voluntarios/as ou monitores/as que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc. poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:
- Nome, CIF e enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos do/a monitor/a, ou seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
 - O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc).
 - Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
 - Lugar e data da emisión do recibo.
 - Sinatura do monitor/a ou voluntario/a.
 - Xunto con esta documentación acompañarase:
 - Certificado do/a secretario/a da entidade declarando que o preceptor/a é persoa allea á mesma.
 - Declaración xurada do preceptor/a conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración.
- g) Premios en metálico, que terán a correspondente retención de IRPF cando superen os 300€. Os xustificante do pago do premio contará cos seguintes datos:
- Bases ou cartel no que consten os premios en metálico a outorgar.
 - Nome, CIF en enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos da persoa premiada, o seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe en concepto de premio e a correspondente retención de IRPF, se é necesario.
 - O concepto polo que se recibe o premio (competición, etc).
 - Datas na que se desenvolveu o concurso.
 - Lugar e data da emisión do premio.
 - Sinatura da persoa premiada.
- h) Axudas de custo por desprazamento relacionada coa actividade subvencionada. No caso de xustificar con axudas de custo, ademais de achegarse ticket xustificativo do gasto efectuado en caso de desprazamento por autoestrada e factura a nome do/a preceptor/a da indemnización no caso de manutención, deberá xustificarse o motivo do desprazamento e da manutención para acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. En todo caso estarase ó disposto no artigo 9 do Real Decreto 439/2007, do 27 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas en canto ás contías máximas excluídas de gravame. O concello facilitará un modelo de axudas de custo para que sexa cuberto e entregado coa conta xustificativa.

8.5 Documentación xustificativa.

Para a xustificación da subvención presentárase na Sede Electrónica do Concello de Vilalba a seguinte documentación:

- a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, así como orzamento final de ingresos e gastos (ANEXO 6).
- b) Certificación do/a secretario/a da entidade, co visto bo do/a presidente/a no que se indiquen as subvencións obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade, con indicación do

seu importe ou procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade (ANEXO 7).

- c) No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas e período ó que se refiren os gastos.
- d) Relación numerada e correlativa de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación de, cando menos, a súa data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, contía do gasto subvencionado e porcentaxe imputado á xustificación da subvención (ANEXO 8).
- e) Documentación acreditativa da realización do pago por un importe mínimo da subvención concedida consistente en:
- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.
 - No caso de gastos de material, subministracións, etc. orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do RD 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:
- 1) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - 2) Desglose do IVE ou imposto correspondente, no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - 3) Nome, enderezo e NIF ou CIF da entidade beneficiaria da subvención, debendo estar estendidos ó nome da entidade.
 - 4) Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.
 - 5) Número, data e lugar de emisión e denominación de “factura”.
- f) Certificación de que as facturas presentadas só foron utilizadas para a xustificación da subvención concedida polo concello de Vilalba (ANEXO 9).
- g) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Excmo, Concello de Vilalba en toda a información (impresa e/ou dixital) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados ocupando un espazo visible en toda a información.
- h) Certificación do/a secretario/a da entidade no que se indique que as facturas achegadas foron utilizadas unicamente para a xustificación da mesma. (ANEXO 9).
- i) Declaración responsable do/a Presidente/a de que a entidade que representa non están incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, autorizando expresamente ao concello de Vilalba para a comprobación da situación da entidade solicitante respecto das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (ANEXO 9).
- j) Declaración responsable do/a Presidente/a de que a entidade que representa deu adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións subvencionadas e que no lugar onde se desenvolveron figurou un cartel informativo co anagrama do Concello de Vilalba acompañado da expresión “Colaborou o Excmo Concello de Vilalba”, así como tamén en toda a documentación (impresa ou dixital) que anunciaba a actividade subvencionada. (ANEXO 9).

8.6 Reintegro da subvención.

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.
- d) No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non se presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida á entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do Regulamento de Subvencións). A falta

de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que, por resolución da Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

9. Réxime sancionador.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o exercicio de 2021, prorrogado do 2019 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda.

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó Rexistro Público de Subvencións. Así mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento dos datos das persoas solicitantes e infórmaas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

- a) Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención.
- b) Criterios de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.
- c) Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- a) Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- b) Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento.
- c) Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (agpd.es) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba (Lugo).

Vilalba, 22 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, Ana María Rubiera Álvarez.

R. 3068

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente a modificación do Orzamento Xeral para o ano 2021, anexo de subvencións e transferencia de crédito, polo Pleno de esta Corporación en sesión extraordinaria o 30 de setembro de 2021 e exposto ao público por 15 días hábiles, segundo anuncio no BOP nº 228 do 2 de outubro de 2021, quedou aprobado definitivamente ó non haber reclamacións contra o acordo de aprobación inicial.

De acordo co disposto no parágrafo 3 do artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o resumo por capítulos do dito orzamento:

Estado de GASTOS			
Capítulo	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	6,401,893,74	-36.000,00	6,365,893,74
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	5,844,016,84		5,844,016,84
III. GTOS. FINANCEIROS	115,538,31		115,538,31
IV. TRANS.CORRENTES	540,844,40	36.000,00	576,844,40
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	28,602,87		28,602,87
VI. INVESTIMENTOS REAIS	586,421,38		586,421,38
VII. TRANS.CAPITAL	244,904,09		244,904,09
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	0		0
IX. PASIVOS FINANCEIROS	373,611,11		373,611,11
TOTAL	14,135,832,74		14,135,832,74
Estado de INGRESOS			
Capítulo	Previsión actual	Modificacións	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	4,952,430,26		4,952,430,26
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	80,000,00		80,000,00
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	2,661,554,21		2,661,554,21
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	5,772,791,68		5,772,791,68
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	34,320,28		34,320,28
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	12,774,00		12,774,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	269,139,03		269,139,03
8. ACTIVOS FINANCEIROS	352,823,28		352,823,28
9. PASIVOS FINANCEIROS	0		0,00
TOTAL	14,135,832,74		14,135,832,74

O que se fai público para coñecemento xeral.

Viveiro, 27 de outubro de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3103

XERMADE

Anuncio

Asunto: relación de persoas aprobadas no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, da praza de técnico/a de traballo social do Concello de Xermade

Rematado o proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, da praza de técnico/a de traballo social do Concello de Xermade, o pasado 22/10/2021, fanse públicas as cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	Puntuación total
Lorena Bouza Piñón	*****304B	23,50	50,00	73,50
Nuria Lagüela Felpeto	*****483W	27,80	61,80	89,60

Ambas aspirantes están exentas da realización da proba de galego, dado que acreditaron estar en posesión do CELGA 4, polo que non procede realizar a terceira proba da fase de oposición, dando por rematado o proceso selectivo.

O tribunal acordou, por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Taboleiro de Anuncios do concello, no prazo máximo dun mes dende a finalización do proceso selectivo, por orde de puntuación, a relación de persoas aprobadas.

Segundo.- Elevar a devandita relación á Alcaldía, proponendo a Nuria Lagüela Felpeto, aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo, para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento como funcionaria de carreira.

Xermade, 25 de outubro de 2021.- A secretaria do tribunal, María Cristina Varela García.

R. 3081

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04610/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Miguel Jiménez Ruíz

Nombre del río o corriente: Río Lor

Punto localización: Lugar de A Caneira, Barxa de Lor

Término municipal y provincia: A Pobra do Brollón, Lugo

Caudal concedido: 0,126 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 06 de octubre de 1997

Registro de Aguas: 7071, Sección A, en el Tomo 0071, hoja número 071

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de A Pobra do Brollón** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Lugo, 22 de octubre de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 3069

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente:** A/27/32812

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Petionario: Ayuntamiento de Pantón

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,724 l/s

Punto de emplazamiento: Pantón (Lugo)

Término Municipal y Provincia: Pantón (Lugo)

Destino: abastecimiento a las parroquias de San Vicente de Castillón (San Vicente), Castillón (Santiago) y Santo Estevo do Mato (Santo Estevo)

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realizará mediante pozo de barrena de 150 m de profundidad y 140 mm de diámetro. Las aguas son bombeadas y conducidas mediante tubería enterrada hasta un depósito de 100 m³ y posteriormente hasta las viviendas y explotaciones a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Pantón, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 22 de octubre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3070

*Anuncio***A/27/34502-2****COMISARÍA DE AGUAS**

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES**NOMBRE DEL PETICIONARIO:** Luis Ramiro Díaz López**TIPO DE AUTORIZACIÓN:** instalación de un pantalán en Dominio Público Hidráulico.**CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS:** Río Miño (Embalse de Os Peares)**COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29:** X=604452; y Y=4713768**TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:** Chantada (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 – Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 22 de octubre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3071

Anuncio

A/27/34503-2

COMISARÍA DE AGUAS

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: Luis Ramiro Díaz López

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalán en Dominio Público Hidráulico.

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: Río Miño (Embalse de Os Peares)

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: X=604660; y Y=4716200

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: O Saviñao (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 – Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 22 de octubre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3072